

## **Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.**

**Ficha documental da epistola de Valentín Paz-Andrade, a Maruxa Seoane, a Luís Seoane do 16/12/1972**

**Colección:**

**Data:** 16/12/1972

**De:**

Valentín Paz-Andrade;

**Para:**

Maruxa Seoane; Luís Seoane;

**Orix:**

Nova York (local), Nova York (estatal), EEUU (nacional)

**Orix:**

Policarpo Sanz, 22 (de enderezo), Vigo (municipal), Vigo (comarcal)

**Destino:**

Nova York (local), Nova York (estatal), EEUU (nacional)

**Destino:**

Montevideo, 1985, 13° (de enderezo), Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada con firmas autógrafas e co membrete:] V. Paz-Andrade / Abogado / Policarpo Sanz, 22. Tel. 211562 / Vigo

**Temáticas:**

*A maior abundamento;* Artes; Artes visuais; Intentando golpear ideas;

**Mencionados:**

Pilar Rodríguez de Prada; Ramón Temes Sánchez;

---

## **Transcrición da epistola de Valentín Paz-Andrade, a Maruxa Seoane, a Luís Seoane do 16/12/1972**

Vigo, 16 de decembro de 1972

Sr. Don  
LUIS SEOANE E SRA.  
Montevideo, 1985, p. 3, d. 68  
BUENOS AIRES

Queridos Maruxa e Luis:

Ramón Temes foi portador pra nós do teu novo album de grabados en madeira, Intentando golpear ideas. O prólogo parecéunos un mensaxe profético, pois uns días despois sobreviña o drama de Chema, o estudante de Meiciña, de 20 anos fillo do Médico de Serra de Outes, morto a tiros por un policía nas ruas de Sant Yago.

Aos poucos días pol-o correo chegou a nos, A maior abundamento.

Tanto o feixe de grabados canto o feixe de poesía son dúas novas mostras de como o talento e a inspiración do artista se manteñen cada día mais vizosos e fortes, trementes de latexo human. Nosa embora mais cordial e noso mellor agradecimento non somentes pol-o envío de tan belas pezas, senon tamen pol-as garimosas adicatorias conque de novo nos agasallas.

Nosa vida sigue marchando, aínda que a saúde non sexa moita. Pasamos o vran e os mellores meses do outono en Samil, retornando hai poucos días a nosa moradia da cidade. Xa temos novas de que en xaneiro estaredes de novo na nosa Terra, o que nos enche de ledicia.

Facemos votos pol-a vosa felicidade no Nadal e que o Ano Novo sexa ano de novos trunfos e sostida prosperidade do corpo e do espírito.

Longas cordiaes apertas de,

Valentín  
M<sup>a</sup> Pilar

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.